



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

11. ABRIL 2002

O Real Decreto 1497/87 sobre directrices xerais dos planos de estudio establece que estes poidan valorar como créditos do curriculum a realización de prácticas en empresas, segundo establecen os propios planos de estudio.

Para os efectos deste recoñecemento, as Normas de Xestión Académica (art. 67.2) deben ser convocadas polo Rectorado ou polo Centro cando así se delegue. É elemento esencial para a convocatoria das prácticas a existencia do correspondente convenio.

Mediante o Convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Mancomunidade de Municipios do Camiño de Santiago, o Departamento de Filoloxía Inglesa realizou unha selección de alumnos para a realización destas prácticas durante o curso 2000/2001.

Co obxecto de dar validez académica ás prácticas que realizaron os alumnos seleccionados, e logo dos informes favorables da Facultade de Filoloxía e da Facultade de Humanidades, unha vez aprobadas pola Comisión de Ordenación Académica e Profesorado con data 3 de abril de 2002,

## RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Recoñeceranse como créditos de libre elección as Prácticas en Empresas realizadas polos alumnos das Facultades de Filoloxía e Humanidades no curso 2000/2001, ó abeiro do Convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Mancomunidade de Municipios do Camiño de Santiago.

**SEGUNDO.-** O número de horas a realizar será de 300 e serán **10 créditos** os que se recoñeceran, cunha equivalencia de 30 horas 1 crédito.

**TERCEIRO.-** Corresponderá ó Director do Departamento de Inglés exercer de titor das prácticas dos alumnos, figurando como responsable académico das mesmas, e sendo o responsable de expedir o correspondente certificado de recoñecemento, que ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2002/40**.

**CUARTO.-** Para o recoñecemento de créditos, os alumnos presentarán o certificado na Unidade de Xestión Académica, onde se lles expedirá, á vista do documento, o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen mais trámite.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2002

O RECTOR

(P.D.r.r do 4 de abril de 2002)

O VICERRECTOR DE INVESTIGACIÓN

  
José Ramón Leis Fidalgo

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS -  
SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE FILOLOXÍA - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE  
HUMANIDADES - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR XEFE DOS SERVICIOS  
INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA -  
SR/A XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE - SR/A XEFE DA UNIDADE  
DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS DE LUGO.